



Data: 30 de maio de 2017

Remitente: Dirección

Á atención de: Pais de alumnos que van cursar E.Primaria e E. Secundaria

Asunto: Fondo Solidario de libros, axudas para Libros de Texto e axudas para Material Escolar

"La voz del buen maestro es la santidad de su vida" BFM

Estimados pais:

Comunicámosvos que se publicou a normativa que regula a participación en:

- FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO. Para alumnos que van cursar 3º, 4º, 5º, 6º de E.P. ou 4º de ESO
- AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO. Para alumnos que van cursar 1º ou 2º de E.P.
- AXUDAS PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR. Para alumnos que van cursar E.P. ou ESO

Podedes descargar á normativa e o impreso de solicitude (que será única por familia) na páxina web do centro ou en <http://www.edu.xunta.es>.

REQUISITOS:

- Ser pai/nai/titor legal de alumnado matriculado en E.P. ou en ESO durante o curso 2017-2018.
- Ter devoltos todos os libros adquiridos con cargo ás axudas do curso 2016/2017 antes do 23 de xuño agás para o alumnado de ESO que teña algunha materia pendente que se quedará co libro ata setembro.
- Cumprir os requisitos da renda per cápita.
 - Axudas de Material Escolar. Renda inferior a 5.400 euros
 - Vales de Libros de Texto . Renda inferior a 9.000 euros.
 - Fondo libros. Sen límite de renda. Só se garantizan libros para as rendas inferiores a 9.000 euros.

DETERMINACIÓN DA RENDA PER CÁPITA

Para os efectos desta orde, a renda per cápita da unidade familiar calcúlase sumando os recadros 380 e 395 da renda do ano 2015 de cada membro que obteña ingresos e dividindo este resultado entre o número de membros computables da unidade familiar a 31/12/2015.

Se algún membro da familia ten recoñecida unha minusvalía ou discapacidade igual ou superior ao 33% computará por dous.

MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR:

- Os pais non separados nin divorciados e os fillos solteiros menores de 25 anos que convivan no domicilio.
- Os fillos maiores de idade con discapacidade ou incapacitados xudicialmente.
- A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar co proxenitor/a do alumnado (polo tanto tamén computarán os seus ingresos para o cálculo da renda per cápita).

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN (*Presentarase unha única solicitude por familia, non por alumno*).

As solicitudes entregaranse na PORTERÍA do colexio antes do día 23 de xuño nas datas e horarios que a continuación se detallan:

Horario: De 09:00 a 11:00 h. de luns a venres
De 16:00 a 17:30 h os xoves

Continúa





DOCUMENTACIÓN (orixinal e copia)

- Solicitud segundo o anexo I da orde (pódese descargar na páxina web do centro ou na <http://www.edu.xunta.es>)
- Libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar. (*Se non se ten libro de familia ou se a situación familiar no día 31 de decembro de 2015 non coincide coa reflectida no libro, terase que acreditar utilizando algún dos seguintes medios: sentenza xudicial de separación ou divorcio, certificado/volante de convivencia emitido polo Concello ou informe dos servizos sociais segundo sexa o caso particular*).
- Certificado de minusvalía ou de incapacidade permanente (*no caso de discapacidade dalgún membro da unidade familiar*) sempre que no se autoriza a comprobación telemática ou sexa un certificado emitido por un órgano de fora da comunidade autónoma de Galicia.

IMPORTE DAS AXUDAS

| CURSO | NIVEL RENTA PER CÁPITA | | | | |
|-------------------|------------------------|-----------------------|------------------|------------------------|----------|
| | MENOR DE 5.400 € | ENTRE 5.400 E 9.000 € | MENOR DE 5.400 € | DISCAPACIDADE MAIOR DO | |
| | LIBROS DE TEXTO | | MATERIAL | LIBROS | MATERIAL |
| 1º E 2º EP | 170 € | 90 € | 50 € | 250 € | 50 € |
| 3º, 4º, 5º, 6º EP | FONDO: 6 Libros | FONDO: 4 libros | 50 € | FONDO: 6 | 50 € |
| 1º, 2 e 3º ESO | ----- | ----- | 50 € | ----- | 50 € |
| 4º ESO | FONDO: 6 Libros | FONDO: 4 libros | 50 € | FONDO: 6 | 50 |

*** O acceso ao libros do Fondo Solidario só está garantido para as familias que non superen 9.000 euros de renda per cápita**

ENTREGA DOS VALES DE AXUDA DE LIBROS E DE MATERIAL

Entregarase ao *pai/nai/titor legal* no colexio os seguintes días:

Alumnos que van cursar **E. Primaria**.- O día **29 de xuño** en horario de **12 a 13:30 h.** cada un na súa aula.

Alumnos que van cursar **E.Secundaria**.- O día **13 de xullo** (para os que aproben todo en xuño)

O día **13 de setembro** (para os que aproben en setembro)

DATAS DO PROCESO DE FONDO SOLIDARIO

- Publicación das listaxes provisionais de EP e ESO.- O día 13 de xullo
- Reclamacións as listaxes: 2 días seguintes á data de publicación
- Publicación de listaxes definitivas: Para E.P. o 20 de xullo e para ESO o 13 de setembro
- Entrega de libros.
 - E.P. o día 5 de setembro
 - ESO o día 15 de setembro

NOTA IMPORTANTE

Todos os alumnos que este curso 2016/2017 utilizan libros recibidos do programa Fondo Solidario ou adquiridos coa axuda para libros de texto deberán devolvelos en perfecto estado antes do 23 de xuño segundo indica a normativa. A non devolución destes libros será impedimento para obter a axuda para o vindeiro curso 2016/2017.

Os resto do alumnado que esté a cursar 3º, 4º, 5º e 6º de EP ou 3º ou 4º de ESO no actual curso e que non participou no Fondo Solidario nin tivo axuda de libros, poderá deixar de forma voluntaria os libros que desexe.

Nos últimos día de clase, cada titor dará as indicacións oportunas de cómo proceder coa devolución de libros.

Un saúdo.

Dirección